




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 VGC	Documento 2111610598	
Código de verificación  4837 534L 5738 184L 16Z0	Expediente 211/2022/791	
	Fecha 11-10-2022	

Asunto: Anuncio da publicación da proposta de resolución provisional da convocatoria extraordinaria de subvencións de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2022

ANUNCIO

A Concellería de Deportes do Concello da Coruña convocou para o ano 2022, a través do acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de agosto de 2022, unha convocatoria extraordinaria de subvencións dirixidas a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio á realización de actividades físicas e deportivas a realizar durante o exercicio 2022.

A convocatoria extraordinaria de subvencións publicouse no BOP número 161, do 25 de agosto de 2022, coa seguinte referencia: Ref. 211/2022/791 Convocatoria Deportes - BDNS (Identif.): 644223. Emitida o 11 de outubro de 2022 a proposta de resolución provisional da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita proposta para coñecemento xeral.

De acordo co establecido na Base 15 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 5 días naturais que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, do 14 ao 18 de outubro de 2022.

Neste prazo as entidades interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento.

O xefe do servizo de Deportes

Fernando Pérez San Vicente